



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 3 de maio con rexistro de entrada núm. 16/813 don Arturo Penide Aller, en representación da Pirotecnia Penide, S.L, con dni () presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Oural os días 13, 14 e 15 de maio de 2016.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que conorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 3 de maio de 2016



Ovidio Rodeiro Tato



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

DECRETO

Aprobación de convenio de colaboración con Rocas, Arcillas y Minerales, SA.

Esta entidade organiza o presente ano a III edición do Encontro da Fraternidade do Dragal en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Este evento ten carácter puntual e está previsto levalo a cabo no mes de outubro no Pico Sacro.

A importancia de este encontro radica na promoción e potenciación do Pico Sacro como recurso cultural, histórico e turístico, así como toda a importancia pola relación coa cultura Xacobeá que leva consigo e a participación nun evento lúdico- educativo.

Os custos económicos que conleva a organización de este encontro elévanse a 2.000 €.

Polo tanto, debido a que urxe a colaboración económica para a execución do Encontro no presente mes, RESOLVO:

- PRIMEIRO.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- SEGUNDO.- Aprobar o convenio de colaboración no que constan:

CONVENIO DE COLABORACIÓN

Na Casa Consistorial de Boqueixón a 4 de maio de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Dº Ovidio Rodeiro Tato con DNI _____ en calidade de alcalde do Excmo. Concello de Boqueixón,

E doutra D. Rafael Fuentes Martín, con DNI _____, que actúa en nome e representación de Rocas, Arcillas y Minerales, SA (RAMSA).

EXPOÑEN

Que dentro do espírito de boa veciñanza e colaboración forxado ao longo de máis de 30 anos de explotación da mina "SERRABAL", entre o Concello de Boqueixón e RAMSA, acordaron subscribir o presente convenio de obrigacións recíprocas sobre as relacións entre ambas entidades.

OBRIGAS E DEREITOS

1 A vixencia do presente convenio cingúese á realización do evento puntual e de duración dun día: III Encontro da Fraternidade do Dragal 2016.

2 Que o Concello de Boqueixón, desde o Departamento de Formación e Emprego, vai organizar xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, o citado encontro no Pico Sacro.

3 Este evento implica a organización, en base á triloxía da literatura galega Dragal, de varios xogos rol e actividades no Pico Sacro para 230 rapaces/as participantes de 6 centros educativos de toda Galicia. O encontro supón unha importante acción de potenciación e promoción cultural, patrimonial e turística do Pico Sacro e de toda a historia lexendaria que acumula este monte.

4 RAMSA, doará ó Concello 2.000 euros coa finalidade de costear os gastos derivados da actividade que a continuación se detallan:

CONCEPTO	UNIDADES	COSTO
CARPA	1	1000 €
ORLANDO – MÁQUINA FILLOEIRA E PLANCHA	1	600 €
CHOURIZOS	230	160 €
PORTES DE ALPACAS	40 alpacas	230 €
ALUGUER DE VALADOS E PORTES	20	121 €
TOTAL		2.170 € ive incluído

5 Que desde o Departamento de Formación e Emprego vaise levar a cabo o seguimento, coordinación e supervisión da actividade que se vai desenvolver.

6 Durante o desenvolvemento do evento e en todas as accións de difusión que se realicen, terá presenza a colaboración de Rocas, Arcillas y Minerales, SA.


7 A entrega desta aportación económica farase á sinatura do presente convenio por ambas partes e a entidade perceptora remitirá o correspondente certificado de toma en conta en contabilidade do ingreso.

As partes comparecentes na representación que ostentan, outorgan validez e carácter executorio ó presente acordo, asinándoo por duplicado exemplar no lugar e data do encabezamento indicado.

TERCEIRO.- Comunicar esta resolución á Rocas, Arcillas y Minerales, SA.

Boqueixón, 4 de maio de 2016.

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

RESOLUCIÓN

Con data 6 de maio de 2016, rexistro de entrada número 16/839, don Manuel), en calidade de representante da Asociación Comisión de Festas de Oural, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Oural os días 14 e 15 de maio de 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao presidente da Asociación Comisión de Festas de Oural licenza para a realización de verbenas e bailes en Lamas coas seguintes:

Día 14 de maio de 2016

Tipo de espectáculo : Verberna ao aire libre consistente en baile pola noite a cargo das orquestras Samba e París de Noia.

Características dos escenarios :

Samba : Trailer de 10,00 mts. de longo, 8,00 mts. de alto e 8,00 mts. de fondo.

París de Noia : Trailer de 13,60 mts. de longo, 10,00 mts. de alto e 9,00 mts. de fondo.

A previsión de asitencia de público estímase en torno ás 4000 persoas

O horario será de 22:00 a 4:30 horas.

Día 15 de maio de 2016

Tipo de espectáculo : Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú a cargo da Dúo Martes e Charanga BB+.

Características do escenario :

Camión de 4,00 mts. de longo, 2,50 mts. de alto e 2,00 mts. de fondo.
A previsión de asitencia de público estímase en torno ás 1000 persoas
O horario será de 13:00 a 19:00.


2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 6 de maio de 2016

O alcalde

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke extending to the right. The signature is written over a faint circular stamp.

Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

68
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 2 de maio de 2016, rexistro de entrada número 16/809, don Juan en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de San Pedro de Donas, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Donas o día 22 de maio de 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao Presidente da Asociación de Veciños de San Pedro de Donas, licenza para a realización de verbenas e bailes en Donas coas seguintes:

Día 22 DE MAIO DO 2016

Tipo de espectáculo : Verberna ao aire libre consistente baile pola noite a cargo do Dúo Máster.

Características do escenario : Camión de 8,5 mts. de longo, 4,5 metros de ancho e 4,5 de alto.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 200 persoas

O horario será de nove da tarde ata á unha da mañán do día 23 de maio 2016

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolución aos interesados.

Boqueixón, 9 de maio de 2016

O alcalde

A circular official stamp is partially visible, with some text around the perimeter that is difficult to read. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in black ink, which appears to be 'Ovidio Rodeiro Tato'.

Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

69

RESOLUCIÓN


CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA

O día 9 de decembro de 2015, dona Yolanda como presidenta e representante da A.P.A. O Forte do CPI Antonio Orza Couto, presentan un escrito no rexistro municipal co núm. 15/2373 no que solicitan unha axuda económica de para facer fronte ós custos que supón a organización, planificación e execución de tódalas actividades que ó longo do curso escolar 2015/2016 se van a desenvolver.

No orzamento do ano 2016, está consignada unha axuda económica destinada á A.P.A por importe de 1.500,00 euros, polo tanto, e tendo en conta a baixa contía económica que se vai conceder, para a súa adxudicación directa, Resolvo:

- 1 Conceder á A.P.A O Forte do CPI Antonio Orza Couto, unha axuda económica de 1.500,00 euros para facer fronte ós custos que supón a organización, planificación e execución de tódalas actividades que ó longo do curso escolar 2015/2016 se van a desenvolver
- 2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.
- 3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 320.480.00 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 9 de maio de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

70

Resolución

No DOG. núm. 73 do 18 de abril de 2016 publicouse a Orde do 4 de abril de 2016 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

A súa finalidade é:

Financiar os proxectos dirixidos a que os mozos e as mozas entre 14 e 18 anos realicen estadias-visitas non remuneradas nos distintos sectores das empresas/entidades públicas ou privadas radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos de que adquiran competencias, habilidades e cualificacións que complementen o seu desenvolvemento persoal e a súa formación.

Proxectos subvencionables:

1. Os proxectos para os cales se solicite axuda deberán responder aos seguintes criterios:
 - a) Deben ter como persoas destinatarias mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos con autorización do pai, da nai ou titor/a legal.
 - b) O período do proxecto será de dous meses e terá como data límite de realización o 15 de novembro de 2016.
 - c) A duración das estadias-visitas será entre 5 e 15 días hábiles. As xornadas diarias nas empresas serán de 5 a 6 horas como mínimo
 - d) O número de mozos/as participantes non poderá ser superior a 30.
 - e) Só se poderá presentar un proxecto por entidade solicitante.

Conceptos subvencionables

A cantidade subvencionable a cada entidade calcularase a razón de:

- 6 euros por participante/día, para cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou da moza.
- 100 euros por participante para cubrir os custos derivados da organización das estadias-visitas, entre os cales se inclúen: os preparativos da organización, proceso selectivo, busca de empresas de acollida, información tanto ás empresas como ás distintas asociacións e ás persoas participantes, titorías antes, durante e despois das estadias-visitas, asistencia e supervisión dos participantes; adopción de acordos específicos para garantir a calidade das estadias-visitas e gastos de seguros de accidentes e de responsabilidade civil dos/as mozos/as participantes.

Por todo isto, RESOLVO:

1. Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
2. Solicitar unha axuda por importe de 5.700 euros.
3. Acreditar como representante legal ó alcalde do Concello de Boqueixón, don Ovidio Rodeiro Tato.


;

4. Aprobar o proxecto de actividades, cuxo presuposto ascende a 5.700 €.
5. Non solicitar ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
6. Que esta entidade local acolla rapaces en idades comprendidas entre 14 e 18 anos para a realización de estadias-visitas non remuneradas nas distintas áreas e departamentos do concello de Boqueixón, así como na gardería municipal.
7. Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado do Consellería de Política Social.

Boqueixón, 10 de maio de 2016

Don Ovidio Rodeiro Tato

O alcalde de Boqueixón





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

71
Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

DECRETO

No día de hoxe, 11 de maio de 2016, terá lugar a sesión plenaria ordinaria previamente convocada con data 6 de maio de 2016.

Neste mesmo día, 11 de maio esta alcaldía por razóns persoais, debo trasladarme á Coruña a partires das 16:30 horas. non podendo regresar antes das 22:00 h. por este motivo, **resolvo**:

1. Delegar a presidencia da citada sesión plenaria no primeiro tenente de alcalde don Manuel Fernández Munín.
2. Comunicar á maior brevidade esta resolución ao sr. Fernández Munín, para o seu coñecemento.

Boqueixón, 11 de maio de 2016

O Alcalde

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'Ovidio Rodeiro Tato', written over a faint circular official stamp.

Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

72
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

O Pleno da corporación en sesión plenaria que tivo lugar o 9 de marzo do 2016 acordou desafectar do dominio público a parcela número 39 A4 denominada Outenín, da concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón, e o centro de saúde de "O Forte", situado en dita parcela, modificando a súa cualificación de bens de dominio público a bens de carácter patrimonial.

Dita parcela ten unha superficie de 1027,08 m² e linda: norte e leste, camiño; sur e oeste, parcela 39 A3.

O referido acordo foi publicado no BOP número 56 de 23 de marzo do 2016, e durante un (1) mes estivo exposto a información pública, non presentándose reclamacións. A publicación da aprobación definitiva da desafectación do dominio público da parcela número 39 A4 e do centro de saúde de "O Forte", tivo lugar no BOP número 83 do 3 de maio do 2016.

Polo exposto Resolvo:

1. Considerar definitivamente aprobada a desafectación do dominio público e a súa cualificación como bens de carácter patrimonial da parcela número 39 A4 denominada Outenín, da concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón e do centro de saúde de "O Forte".
2. Proceder a dar conta deste decreto ó Rexistro da Propiedade de Santiago de Compostela
3. Proceder a dar conta, así mesmo, do decreto á Consellería de Sanidade, SERGAS, Dirección Xeral de Recursos Económicos.

Boqueixón, 11 de maio do 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

RESOLUCIÓN

Con data do 21 de abril de 2016, no BOP núm. 75 foi publicado as Bases do programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2016.

A finalidade da Deputación é o apoio aos concellos da provincia na creación de empregos para a prestación de servizos municipais. Os costes derivados do programa son financiados con carga á partida orzamentaria 0510/24100/46201 cunha dotación de 2.980.000€, e o importe a conceder ó concello de Boqueixón ascende a 28.000 euros destinados a financiar costes salariais, seguridade social e indemnizacións de fin de contrato.

Por tanto, o programa subvenciona os custos de contratación de traballadores e traballadoras que sexan demandantes de emprego nos distintos concellos e que se contraten expresamente para a realización de traballos necesarios para a prestación de servizos municipais, acordos ás competencias definidas no artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local (Axudas á contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos locais imprescindibles).

En canto á forma e o prazo da solicitude, esta realizarase de maneira telemática, a través da páxina web da Deputación provincial da Coruña www.dacoruna.gal, e para presentala é imprescindible que a Secretaría e o representante legal do concello dispoñan de firma electrónica. O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións. O prazo máximo é ata o 20 de maio de 2016 para a presentación da solicitude.

Por todo isto, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria e as obrigas e os compromisos que nela se inclúen.
- 3.- Adherirse ao Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña para o 2016, de acordo coas contías nel establecidas.

4.- Facultar expresamente ao Alcalde/sa ou representante do concello para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- Autorizar á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas

6.- Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e a facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet

7.- Autorizar que os datos deste expediente queden incorporados ao Rexistro Público de Subvencións e aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas de subvencións financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web. O órgano responsable do ficheiro é a Deputación Provincial da Coruña e o enderezo onde o interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición é a Avda. Alférez Provisional nº 2 15006 A Coruña, todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

8.-. Que esta entidade comprométese a realizar a contratación do persoal de acordo cos principios de publicidade, concurrencia, igualdade, mérito e non discriminación. No proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Pública.

9.- Que esta entidade que represento contratará aos traballadores por unha xornada mínima semanal de 25h. ou a permitida pola lexislación laboral segundo o grado da discapacidade dos mesmos e se lles facilitará: a) Roupa de traballo na que figure que o proxecto é subvencionado pola Deputación mediante a impresión na mesma dos logos do proxecto e da Deputación, e b) A formación prevista en materia de prevención de riscos laborais pola lexislación laboral vixente.


10.- Que esta entidade que represento comprométese a publicitar a achega provincial e a facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet. Coa memoria e conta xustificativa, a entidade beneficiaria achegará declaración sobre o cumprimento desta obriga

11.- Solicitar á Deputación de A Coruña unha subvención por importe de 28.000 euros, destinado á contratación de persoal (de 4 operarios de servizos) para unha xornada laboral semanal de 100% para un período de 4 meses. Ditas contratacións deberán realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

12.- Aprobar o Proxecto descritivo xeral do servizos mínimos municipais obxecto do programa denominado "PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE BOQUEIXÓN", por importe de 29.323,31 euros, a realizar conforme o modelo requerido pola Deputación da Coruña (Anexo 2).

Boqueixón, 12 de maio de 2016

Ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

DECRETO

ANTECEDENTES

Con data 29 de xaneiro do 2016, rexistro de entrada número 167, don Javier en calidade de representante do evento para a “Festa da Xuventude 2016”, solicita autorización para a realización de festexos da xuventude 2016 os días 20 e 21 de maio.

Acompaña con esta solicitude , boletín eléctrico, seguro de responsabilidade civil, copias documentación ITV camión escenario e fabricante CE e memoria.

Na referida memoria sinala que a verbena será ó aire libre e consistente en baile a cargo de tres orquestras no lugar de campo de fútbol de Lestedo, recinto PECHADO con entrada de pago (6 euros por compra anticipada e 8 euros por compra en taquilla).

A previsión de asistencia (según dita memoria) é de 7.000 persoas e o inicio do evento é ás 22.30 horas e a finalización ás 6.00 horas do día 21 de maio do 2016

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 42.2 apartado b) da Lei 9/2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establece que xunto coa solicitude de licenza para a organización dun espectáculo público ou actividade recreativa ou apertura de establecemento público, as persoas encargadas da organización deberán presentar (entre outra documentación):

b- Un plan de autoprotección redactado de conformidade coa normativa vixente.

2. Con data 31 de maio de 2014, a Dirección Xeral de Administración Local establece unhas instrucións aclaratorias en materia de autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia (en virtude do establecido no referido artigo 42 da lei de emprendemento e competitividade).

No apartado QUINTO , destas instrucións establécese que o plan de autoprotección será esixible nos seguintes casos:

- Espazos pechados con capacidade igual ou superior a 2000 persoas, ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros.
- Instalacións pechadas desmontables ou de tempada con capacidade ou aforo igual ou superior a 2500 persoas.
- Ao aire libre, en xeral, aquelas cunha capacidade igual ou superior a 20.000 persoas.

3. A Orde do 16 de xuño de 2005 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos, establece que as verbenas e festas populares rematarán como máximo ás 3.30 horas, salvo que se celebren as noites que van de xoves a venres, de venres a sábado, de sábado a domingo e de domingo a luns, así como as noites anteriores aos festivos e a do festivo, que se ampliarán media hora.

Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche, nos seguintes supostos:

- a) Festas populares, patronais, do nadal e verbenas populares
- b) Nas localidades turísticas, durante o período de maior afluencia
- c) Cando o requira a duración do espectáculo

Así mesmo, en casos excepcionais, a Dirección Xeral pode autorizar ampliacións de horario.

Con data 14 de marzo do 2016, emítase un decreto da alcaldía concedendo autorización para a realización do evento para a Festa da Xuventude 2016, no cal se establecía un horario desde as 22.30 ata as 6.00 horas e por outro lado nesta data non constaba a presentación do plan de autoprotección, o cal foi presentado con data 3 de maio do 2016, rexistro de entrada número 818.


Neste intre foi presentada correctamente a documentación esixible, aínda que é necesario rectificar o Decreto de 14 de marzo, posto que tal como se esixe na citada orde do 16 de xuño de 2005, o horario da celebración non poderá exceder das 4.00 horas do día 21 de maio, posto que non consta a presentación das autorizacións da Delegación Provincial ou da Dirección Xeral, para a ampliación do horario.

Á vista de todo o cal, RESOLVO:

1. Rectificar o Decreto de 14 de marzo do 2015, notificado a don Javier _____, nesta mesma data, só en canto á duración do evento, que non poderá exceder das 4.00 horas do día 21 de maio do 2016.
2. Comunicar a don Javier _____, en calidade de representante do evento para a Festa da Xuventude 2016, que se autoriza a realización da verbena popular de carácter privado ao aire libre no campo de fútbol de Lestedo.
3. Que dita verbena terá que finalizar ás 4.00 horas do día 21 de maio de 2016 (tope máximo para a finalización)
4. Mantéñense as mesmas condicións establecidas no anterior decreto de 14 de marzo do 2016.

Boqueixón, 16 de maio do 2016

O alcalde:



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 3115
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: cultura@boqueixon.com

No BOP de día 22 de xaneiro de 2016 publicáronse as bases da convocatoria para a participación na Programación de Rede Cultural da Deputación da Coruña para o ano 2016.

Visto o anuncio publicado no BOP do día 21 de abril no que se comunica que o prazo de solicitude de espectáculos comprende dende ás 00:00 h. do día 22 de abril ata o 12 de maio de 2016 ás 14:00 h.,

RESOLVO:

1) Solicitar os seguintes espectáculos:

PROGRAMA DE MÚSICA E TEATRO PARA GRUPOS NON PROFESIONAIS

Grupos	Título da obra	Caché	Importe Deputación(75%)	Importe Concello (25%)
Banda de Música de Negreira	Música tradicional	1.120 €	840 €	280 €
Charanga O Recobio	-----	850 €	637,50 €	212,50 €
Asociación cultural Charamela	Vaiche boa...	580 €	435 €	145 €
TOTAL		2.550 €	1.912,50 €	637,50 €

PROGRAMA DE TEATRO E TÍTERES PARA COMPAÑÍAS PROFESIONAIS

Grupos	Título da obra	Caché	Importe Deputación(75%)	Importe Concello (25%)
Redrum Teatro	Noiteboa	3.509 €	2.631,75 €	877,25 €
Fantasia Animación	A fábrica das ilusións	1.800 €	1.350 €	450 €
TOTAL		5.309 €	3.981,75 €	1.327,25 €

PROGRAMA PARA COMPAÑÍAS DE DANZA PROFESIONAL E OUTRAS ACTIVIDADES

Grupos	Título da obra	Caché	Importe Deputación (75%)	Importe Concello (25%)
Martín Camiña-Ilusionista	Feitizo	1.100 €	825 €	275 €
Garabato de xogos	O pallaso Piter presenta...	900 €	675 €	225 €
TOTAL		2.000 €	1.500 €	500 €

- 2) Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa no presente ano, por un importe de **2.464,75 euros**, correspondentes ao 25 % dos cachés dos espectáculos solicitados.

En Boqueixón a 11 de maio de 2016.

O alcalde



Asdo. Ovidio Rodeiro Tato

DILIXENCIA:

Este decreto de alcaldía de data 11 de maio de 2016, foi entregado en Secretaría para a súa inclusión no libro de decretos, o día 16 de maio de 2016. Polo cal, se inclúe no citado libro de decretos neste mesmo día 16 de maio de 2016.

Boqueixón 16 de maio de 2016
A Secretaría Instrumental





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

76
Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

DECRETO

Acordo de representación dos concellos de Teo, Touro, Boqueixón, Vedra e Santiago de Compostela fronte á Deputación da Coruña no que atinxe á xestión de axuda económica para o “Entroido dos Xenerais da Ulla”.

Segundo as condicións previamente consensuadas entre os concellos de A Estrada, Boqueixón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces no Protocolo de Intencións para a colaboración na promoción conxunta do Entroido dos Xenerais da Ulla” e segundo tamén as condicións consensuadas nas reunións de coordinación e organización entre os concellos da provincia da Coruña, Boqueixón, Teo, Touro, Santiago de Compostela e Vedra, recóllense os acordos adoptados no que atinxe á xestión da promoción da citada festa.

Con data do 13 de maio, recíbese un escrito do Concello de Teo no que se solicita a maior brevidade posible, que se lle asine e se remita o acordo do 11 de maio de 2016,

Por todo isto, RESOLVO:

- 1.- Ratificarme no acordo de representación dos concellos de Boqueixón, Touro, Santiago de Compostela e Vedra fronte á Deputación Provincial da Coruña por parte de Teo.
- 2.- Aprobar a memoria de actividades e orzamento da promoción conxunta do entroido dos Xenerais da Ulla.
- 3.- Que, seguindo o mesmo modelo de xestión de edicións precedentes, os cinco concellos que forman parte da celebración deste entroido den tro da provincia da Coruña, organizan de maneira conxunta a promoción e difusión da festa, a través de actividades e acción promocionais coordinadas.
- 4.- Que, os gastos relativos á promoción conxunta, serán asumidos solidariamente entre os cinco concellos.
- 5.- Que, acordamos solicitar á Deputación da Coruña axuda económica para soste este gatto anual, a través da subvención do Departamento de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios, Turismo e Patrimonio histórico- artístico.
- 6.- Que, delegamos no concello de Teo a solicitude, xestión e percepción da subvención para o exercicio 2016, en representación dos cinco concellos.
- 7.- Que, para cada edición elixiremos un novo representante que xestionará o proceso en representación dos cinco concellos.

Boqueixón, 16 de maio de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 20 de maio con rexistro de entrada núm. 16/946 don Juan Manuel Gaiteiro Moure, pirotécnico de Vedra, con dni [redacted] presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Sergude os días 27, 28 e 29 de maio.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 20 de maio de 2016



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 20 de maio con rexistro de entrada núm. 16/945 don Juan Manuel Gaiteiro Moure, pirotécnico de Vedra, con dni _____ presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de A Granxa (Pico Sacro) os días 29 de maio.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que conorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 20 de maio de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981-51 30 52
Fax: 981-51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

79

DECRETO

ANTECEDENTES

Primeiro. Don Xabier Canabal Fernández, en calidade de concelleiro do grupo municipal Veciñ@s, con data 20 de maio de 2016, rexistro de entrada nº 942, solicita, por un lado revisar o libro de decretos 2016, rexistro de entradas e saídas 2016, pagos e ingresos do mes de febreiro do 2016, proxecto de actividades campo de traballo 2016 e documentación conta xeral 2015 (neste último caso débese ter en conta que foi convocado á Comisión de Contas polo que está autorizado como membro da Comisión de Contas para o seu exame), e por outro COPIA de nóminas aboadas no 2015.

Segundo. Os concelleiros poden solicitar, e en xeral así o fan, ver a documentación municipal, independentemente da documentación incluída na orde do día das sesións plenarias e demais órganos colexiados dos que formen parte, que está a súa disposición dentro do período legal establecido nestes casos ademais de remitirlle copia vía correo electrónico.

En xeral, nunca se lle denegou ver dita documentación, pero é necesario que se solicite con antelación (como mínimo deberían ser 6 días) e que non se abuse nin se solicite de xeito xenérico nin excesivamente reiterado.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1º- O regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, no artigo 14.1 establece que todos os membros da corporación teñen dereito a obter cantos antecedentes, datos ou información sexan necesarios para o desenvolvemento da súa función. No apartado 2) sinalase que o acceso á información entenderase concedida por silencio administrativo, no caso de non ditar resolución denegatoria no prazo de **5 días a contar desde a data da solicitude.**

O artigo 15, exceptúa da solicitude do acceso á documentación nos casos: de asuntos incluídos na orde do día de órganos colexiados, de que se trate de membros da corporación que ostenten delegación ou responsabilidades de xestión, e de que se trate de información ou documentación de libre acceso para os cidadáns. Neste caso o acceso é directo sen necesidade de previa solicitude.

O artigo 16, establece que a consulta dos expedientes farase nas dependencias municipais, mediante entrega dos mesmos ou de copia para que se poida examinar no despacho ou sala reservada aos membros da corporación. O libramento de copias limitarase aos casos de libre acceso, e nos que expresamente autorice o alcalde.

2º- -A Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no artigo 35 (dereitos dos cidadáns) apdo h) establece que os cidadáns teñen dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, e no artigo 37 regula este acceso nos termos e coas condicións establecidas na constitución española, e na lei de transparencia e bo goberno.

3º. A Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso Á Información Pública e Bo Goberno, no seu artigo 18 (causas de inadmisión) establece no apartado 1,e) que non se admitirán a trámite as solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificadas.

Tendo en conta esta normativa non procede autorizar a entrega de copias das nóminas, si se autoriza a súa consulta, tendo en conta, así mesmo, que forman parte da conta xeral aínda que os concelleiros dispoñen do presuposto xeral municipal no cal se inclúen todas as retribucións do persoal.

En canto á restante documentación solicitada, é obvio que o señor concelleiro ten dereito á súa consulta polo que si se debe poñer á súa disposición e así se fará.

Por outro lado , os concelleiros son coñecedores de que poden solicitar a documentación para a súa comprobación os sábados en horario de 10.00 a 13.00 horas, pero é imprescindible que se axusten á normativa e a soliciten coa antelación mínima dos 6 días a fin de que o concello poida dispoñer dos 5 días para resolver denegatoriamente no caso (excepcional e previsto por lei) en que así proceda.

Así mesmo, solicítaselle aos señores concelleiros que se axusten á lei e non presenten solicitudes manifestamente repetitivas, entendendo como tal as solicitudes presentadas a partires da segunda, salvo casos excepcionais e xustificadas e salvo documentación de libre acceso, isto é , rexistro e incluso libro de decretos, aínda que neste último caso xa se lles remiten a todos os concelleiros.

Por todo o cal , RESOLVO:

1. Seguir mantendo todos os sábados de 10.00 a 13.00 horas, para o exame e comprobación da documentación previamente solicitada.
2. Dita solicitude deberá presentarse con 6 días de antelación.
3. Rexeitar a entrega de copias de nóminas, aínda que si poñelas a súa disposición para a súa comprobación.

Boqueixón, 20 de maio do 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

20
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Corrección de erros en taxación de parcela - PAS Nominativa 2015

Con data 25 de abril de 2016, esta alcaldía ditou unha resolución na que se aprobaba a documentación, para enviar á Deputación, da solicitude da subvención nominativa coa que se pretende comprar unha leira e acondicionar a mesma para dedicala a parque móbil.

O día 6 de maio, a Deputación comunica que na taxación da leira que realizou a Sociedade de Tasación Arquitasa, había varios erros, polo que era necesario corrixilos e enviar de novo o documento. Os erros fan referencia, ós datos de planeamento, como a clasificación do solo, ás valoracións aplicadas pola empresa redactora con respecto a edificabilidade, etc.

Esta comunicación é enviada a Arquitasa, e con data 18 de maio envían a taxación corrixida que se remite á Deputación para que se poida continuar coa tramitación do expediente, polo tanto Resolvo:

Aprobar e enviar a nova taxación debidamente corrixida pola Sociedade de Tasación Arquitasa, por un valor de 105.023,00 euros.

Comunicar esta resolución á Deputación e dar conta ó Pleno desta corrección.

Boqueixón, 25 maio de 2016





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

81
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 24 de maio do 2016 co número de entrada 16/972, don Francisco Javier Freiría con DNI numero e con domicilio na rúa Manuel de Lestedo – Boqueixón, presenta escrito no cal sinala que “ O pasado xoves 19 de maio do 2016, operarios municipais estaban a cortar herba na carballeira de Lestedo, saltando unha pedra ao cristal do vehículo matrícula da miña propiedade, que estaba estacionado ao lado do centro médico producindo a rotura da lúa lateral traseira.

Solicita que o concello se faga cargo da reparación da rotura da lúa traseira.

Acompaña o escrito de factura de data 20/05/2016, en relación co vehículo “accord 2.2I”, matrícula , cuxo concepto é “substitución cristal ventana tra/dcho. Cristal porta traseira. Laminado cristal . Importe total (IVE engadido) 260,21 €.

Con data 24 de maio do 2016, o coordinador de obras e servizos do concello, Juan M. Corral Sánchez informa que “ *O xoves 19 de maio do 2016, operarios municipais encontrábanse cortando a herba na carballeira de Lestedo. Durante os traballos de limpeza saltou unha pedra que impactou contra a lúa traseira dereita do vehículo matrícula , que se encontraba estacionado ao lado do centro médico, provocando a rotura da mesma*”.

Neste caso visto o anterior obsérvase inequívoca a relación de causalidade entre o dano sufrido no vehículo e o funcionamento do servizo público, a valoración do dano e o cálculo da contía da indemnización.

O Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, que aproba o regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, no seu artigo 2.1 establece que as Administracións Públicas recoñecerán o dereito á indemnización dos particulares nos termos previstos no cap. I título X da lei de réxime xurídico das Administracións Públicas, polas lesións que sufran en calquera dos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, agás nos casos de forza maior ou danos que o particular teña o deber xurídico de soportar.

Polo exposto, tendo en conta que a Xunta de Goberno non terá lugar ata o día 2 de xuño do 2016, que urxe proceder ó pago da factura e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno:

RESOLVO

1. Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
2. Recoñecer o dereito á indemnización por parte da Administración.
3. Aboar a don Francisco Javier , a contía de 260,21 € pola “substitución cristal ventá tra/dcho. Cristal porta traseira. Laminado cristal” do vehículo matrícula
4. Dar conta ó departamento de tesourería para que faga o pagamento desta indemnización.

Boqueixón a 25 de maio do 2016

O alcalde



Ovidio Kocero Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 26 de maio de 2016, rexistro de entrada número 16/995, don Andrés en calidade de representante da Comisión de Festexos San Breixo de Sergude, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Sergude durante ós días 28 e 29 de maio do presente mes de maio.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Comisión de Festexos San Breixo de Sergude licenza para a realización de verbenas e bailes en Sergude coas seguintes:

Día 28 de maio de 2016

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú e baile pola noite a cargo da Orquesta Ciudad Cristal.

Características do escenario: Tractocamiión de 14 mts. de longo 8 mts. de alto e 6 mts. de fondo

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 400 persoas.

O horario será de 14:00 a 16:00 e de 23:00 a 04:00 horas.

Día 29 de maio de 2016

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú e pasacalles a cargo de Charanga BB+.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 400 persoas.

O horario será de 14:00 a 16:00.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 26 de maio de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato